

Tradución

Esmorga moscovita

Rinoceronte publica a versión galega d´*O desfalco* de Valentin Katáiev, un clásico da novela satírica rusa

O desfalco · Valentin
Katáiev · Ekaterina
Guerbek (trad) ·
Rinoceronte
Editora, 2007 ·
194 páx · 16 euros



Da man da coidada tradución de Ekaterina Guerbek, introducímonos nunha novela ambientada na cidade de Moscova nos anos vinte –publicouse por entregas en 1926– e que se pode caracterizar de “picaresca”. Non me refiro tanto á picaresca dos protagonistas que cometen o desfalco, canto á dos personaxes que van xurdindo pouco e pouco e que se desenvolven moi ben á hora de aproveitar a boa sorte que lles supón a presenza nas súas vidas de dous homes cunha gran cantidade de cartos.

En certo modo Filip Stepánovich e o caixeiro Váñechka semellan predestinados a cometer un delito do que hai un andazo na cidade e ao que os empurra o ordenanza Nikita dun xeito que se pode cualificar de disparatado. Tras uns vasos de vodka espertan nun tren que os conduce a Leningrado, onde coñecerán unha serie de tipos humanos que só buscan o propio proveito. A súa viaxe de esmorga inclúe varios trens entre cuxos

viaxeiros non falta o xogador hábil e trampulleiro capaz de superar sempre co seu xogo o adversario, neste caso un Filip Stepánovich que acaba desistindo grazas aos insistentes rogos do caixeiro.

Abundantes descrições non exentas de lirismo, e que trazan cadros ás veces costumistas, ás veces impresionistas, espállanse ao longo da novela para situarnos en ambientes movidos pola cobiza ou a miseria das que os protagonistas son vítimas case inocentes por non

individuos que saen de esmorga cos cartos públicos; tampouco non se afonda na súa psicoloxía máis que para deixar perplexo un lector que non pode menos que preguntarse como é posible tal debilidade de carácter. Non se xulga nin se critica en ningún momento os personaxes; é o propio lector quen vai sacando as súas conclusións a medida que a obra avanza.

Podería destacarse certo humor, quizais grato para algúns, baseado en situacións dantescas que van

**Filip Stepánovich e Váñechka
semellan predestinados
a cometer un delito do que hai
un andazo na cidade de Moscova**

distinguiñen entre a realidade e os seus soños. Ben se percibe a débeda de Katáiev (1897-1986) co *Quijote* de Cervantes.

A ironía evidente non consegue ocultar por completo un pouso de amargura que aboia durante toda a novela, coma se o autor non acabase de crer por completo no xénero humano. Non hai bondade nin clemencia para un par de

levando os protagonistas a un desenlace bastante previsible, evocador, unha vez máis, do fidalgo manchego. Certos comentaristas ven lazos entre a obra de Katáiev e Gogol; tamén se poden ver entre aquel e Chéjov, pero que dúbida cabe que os escritores rusos teñen un aquel común inconfundible.

// **Uxía Casal**